

CONVOCATORIA DA AXENCIA DE INNOVACIÓN (GAIN) DAS AXUDAS CONECTA COVID 2021

No DOG de data 13 de xullo de 2021 publicouse a convocatoria da Axencia de Innovación (GAIN) das axudas para proxectos de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas, Programa CONECTA COVID, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID19 (clic [AQUÍ](#)).

Conecta Covid é unha liña de axudas para proxectos de I+D+i relacionados coa Covid-19 orientados ao dobre obxectivo de facer fronte á pandemia e contribuír á transición dixital das empresas, especialmente das pemes, favorecendo a recuperación económica de Galicia.

O programa CONECTA COVID ten dúas liñas de axudas:

- **Liña 1: proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental (I+D) relacionada coa COVID-19 (IN852D).**
- Liña 2: proxectos de innovación en produto relacionada coa COVID-19 (IN852E).

Poderán ser beneficiarias destas axudas:

- As empresas pequenas, medianas ou grandes.
- **Organismos de investigación e difusión de coñecementos** cando participen en proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental (só poderán participar na Liña 1).

O prazo de presentación de solicitudes é do **14 de xullo ao 13 de agosto do 2021**.

No lateral dereito dispoñedes dun pequeno resumo da convocatoria.

CONVOCATORIA 2021 DAS AXUDAS CONECTA COVID DA AXENCIA DE INNOVACIÓN (GAIN)

Resolución da
convocatoria das
Axudas Conecta
COVID (GAIN)

Resumo da
convocatoria das
Axudas Conecta
COVID (GAIN)